

PROPOSTAS DE MELLORA E SUXESTIÓNS DE **POR CHANTADA-CUP AO ANTEXPROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA A COMISIÓN INTERDEPARTAMENTAL DA RIBEIRA SACRA.**



Antom Fente Parada e Cruz Fernández Rodríguez, en representación do grupo municipal **Por Chantada-CUP**, apresentamos, en tempo e forma, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural – órgano dependente da Consellaría de Cultura e Turismo– o seguinte documento para que se tramite conforme mellor proceda en dereito e desenvolvido por un grupo de traballo de Medio Rural, dependente da nosa Comisión Política e integrada por persoas coñecedoras do sector e ligadas ao ámbito afectado.

O documento en cuestión a mellorar, intitulado *Proxecto de decreto polo que se crea a Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra*, atópase en prazo para suxestións de mellora, entre os días 24/01/2020 - 13/02/2020.

1.- Políticas da Ribeira Sacra: algunhas consideracións á partida.

Témonos pronunciado en reiteradas ocasións sobre a Ribeira Sacra, cun modelo e visión autocentrada e pensada desde nós, pois temos claro que os “indíxenas” non só “imos comer turismo”. Así o expuxemos, por exemplo, nas *Alegacións á incoación do procedemento de declaración da Ribeira Sacra Ben de Interese Cultural, coa categoría de paisaxe cultural, e outros bens e manifestacións do patrimonio cultural material e inmaterial relacionados*¹. Igualmente, en tempo e forma, apresentamos *Alegacións de Por Chantada-CUP á proposta de reserva de biosfera*

¹ O documento íntegro, asinado o 21/03/2018, pode consultarse aquí: https://porchantada.files.wordpress.com/2018/03/alegacion3b3ns_c3a1_incoacion3b3n_do_procedemento.pdf Todas as alegacións foron rexeitadas e o único acto informativo, durante o período de alegacións e até a data presente, realizado cara a cidadanía foi o que impulsamos desde Por Chantada-CUP o 16/03/2018. O 14/09/2018 impulsamos tamén un acto formativo encol o concepto de colapso territorial, ordenación do territorio, políticas predadoras e as figuras de protección do territorio.

Ribeira Sacra e serras de Oribio e Courel (05/09/2019), que, como no anterior caso, foron desestimadas².

Fomos, pois, tecendo alternativas e leituras internas que, continuamente foron desouvidas negándose a participación en calquera dos instrumentos que nos atinxen aos territorios do interior galego: colapso territorial, acaparamento de terras, disparidade de criterios entre AA.PP., lexislacións urbanas para o rural... estes e outros eixos de traballo vertebran precisamente a razón de ser da plataforma **Por un interior galego vivo** en que participamos desde a súa creación en maio de 2019 e que visa formular propostas desde e para o noso territorio, que sofre cada vez maiores desequilibrios territoriais e demográficos, ao que se debe acrecentar a agudización da súa condición ultraperiférica desde 2008 e a implementación de políticas verticais, cando non contraditorias.

Desta arte, pode en principio resultar positivo e alentador crear unha comisión que vise a coordinación das diferentes consellarías e concellos da Ribeira Sacra, mais é insuficiente se non se atende ao fundamental: a valorización social dos produtores repercutida nun pago social polo labor que fan para toda a comunidade os que manteñen a vitalidade do territorio e a configuración única da nosa paisaxe. Neste sentido, é interesante pór en destaque a moción aprobada por unanimidade no pasado Pleno do 30/01/2020 do Concello de Chantada que, entre outras cuestións salientaba «5º Exixir ás AA.PP. que nas cotas de carbono se atenda ao seguinte extremo: o CO2 secuestrado nunha comarca natural debe enlotarse apenas nesa comarca favorecendo o seu desenvolvemento» ou na epígrafe 6ª do acordo «Demandar que a Xunta da Galiza mida o carbono emitido e fixado en cada comarca do país e aposte por unha xestión como a indicada no punto 5º do acordo»³.

Asemade, cómpre subliñar igualmente que a constelación de normas existente que engloba desde a normativa en materia de ordenación do territorio (as DOT), urbanismo (PXOM e outros instrumentos), conservación da natureza (LIC, Rede Natura, Reserva de biosfera, BIC Ribeira Sacra...), patrimonio cultural (BIC San Salvador de Asma degradado con total impunidade, xunto a Castro Candaz, as mámoas do Monte de Cabeza do Faro, camiño enlousado de Belesar, capela do Faro etc.), protección do dominio público, *Lei de augas* e Confederación Hidrográfica e *tutti quanti* que a maioría das persoas residentes no territorio nen coñecen, nen entenden, nen teñen asumidas

2 Poden ser consultadas na seguinte ligazón: <https://porchantada.files.wordpress.com/2019/09/alegacic3b3ns-de-por-chantada-cup-c3a1-proposta-de-reserva-de-biosfera-ribeira-sacra.pdf>

3 Moción de Por Chantada-CUP para declarar a emerxencia climática no Concello de Chantada e sobre adopción de medidas no eido local para un horizonte sen carbono. Disponível en <https://porchantada.files.wordpress.com/2019/12/mocic3b3n-de-por-chantada-cup-para-declarar-a-emerxencia-climc3a1tica-no-concello-de-chantada-e-sobre-adopcic3b3n-de-medidas-no-eido-local-para-un-horizonte-sen-carbono.pdf> (última consulta 11/02/2020).

porque tampouco tiveron canles axeitadas de participación nen máis información que a propaganda dos medios de desinformación subvencionados na maior parte dos casos. Un caos as normas fanse de costas a nós, os indíxenas, e non nos son comprensíbeis, mais aféctannos só a nós e non lle afectan de igual xeito nen na mesma medida ás empresas eléctricas, mineiras, forestais que pretenden implantarse en calquera sitio. Tivo que ser a *Plataforma Salvemos o Iribio*, através da xustiza, e non a negligente Xunta da Galiza a que protexese un territorio en teórica zona de protección, tamén na Reserva de biosfera de Ribeira Sacra, Xeoparque do Courel e serra do Iribio (agora ampliada a bacía do Bibeí). Este é o *simulacrum*, finxir protexer xerando un volume inxente de normativas urbanas e contraditorias.

Daquela, xunto aos instrumentos de participación da Reserva de Biosfera, que no seu día emendamos sen suceso, figura agora máis un foro que anualmente pretende harmonizar as políticas que se aplican sobre o territorio. Moito nos tememos que lonxe de conseguir ese obxectivo seguiremos como Adrián Solovio, antes de descubrir a súa verdadeira identidade e compromiso, *Arredor de si*. Informes, burocracia e, sobretudo, fotos para a prensa que non van solucionar nen reverter as graves eivas que padecemos no territorio afectado.

Reiteramos, entón, a **necesidade de participación real dos indíxenas**, que novamente fican fóra do proxecto de decreto representados apenas por certos **organismos que reproducen por súa vez dinámicas da partitocracia e non son, portanto, efectivas canles e voces da sociedade civil organizada no territorio**. Algúns deste organismos son cualificados de «ferramentas de xestión» como se fôsemos os propios habitantes descoñecedores do seu papel e traxectoria e a súa relación cos intereses colectivos e o ben común.

2.- Alegación I: exposición de motivos.

No 7º parágrafo indícanse as terras de Caldelas, Trives e Lemos. Debe engadirse as terras de Chantada ou, se quer en referencia denominacións históricas documentadas para esta comarca *Terras de Asma*.

3.- Alegación II: composición da comisión (artigo 5º).

Parécenos axeitada a composición, agás no tocante á epígrafe f). Xunto aos concellos envolvidos, ao Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, ao Consellor Regulador da Denominación

de Orixe da Ribeira Sacra, a Asociación Ribeira Sacra Rural, as deputacións de Lugo e Ourense, o Goberno do Estado e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil deberían figurar:

– Os GDR da área atinxida.

– As asociacións veciñais, culturais, sindicatos agrarios e outras entidades do tecido cívico que así o desexen. A inclusión debe ser por vontade propia e non unicamente a instancias do Presidente (conselleiro de Cultura e Turismo, tal e como recolle o decreto).

– Forzas políticas con representación no territorio, mais que non ostentan alcaldías, co obxectivo de as candidaturas veciñais que representan un volume sensíbel de poboación podan tamén participar directamente.

– Resulta chocante incluír os bispados de Lugo e Ourense como entes diferenciados en canto se deixa na indefinición e dependendo do criterio do conselleiro a inclusión de entidades como o SLG ou UU.AA, sindicatos agrarios que teñen moito que dicir sobre as políticas aplicadas ao territorio; asociacións das parroquias implicadas; asociacións culturais, por exemplo as dos BIC como Amigos do Folión ou Entroido Ribeirao; asociacións da mocidade; asociacións de mulleres rurais; a Asociación do Camiño de Inverno criada en 1999 e cunha dilatada traxectoria; a xa mencionada plataforma Por un interior galego vivo (IGV) e un longo etc.

Resulta igualmente aleatorio e pouco claro que as persoas titulares podan ser substituídas polas persoas suplentes designadas polas titulares. Débese introducir un criterio máis claro e específico e o mesmo serve para o punto 5.3 se verdadeiramente se procura a presenza equilibrada de mulleres e homes.

4.- Alegación III: secretaría.

Pasar a actual aliña g) a h) e incluír unha nova aliña g) coa seguinte redacción: *Elaborar as actas do Pleno e da Comisión Permanente.*

Na aliña b) propomos unha nova redacción: *Efectuar a convocatoria das sesións da Comisión por orde da persoa que desempeña a Presidencia, así como as citacións ao membros desta e a remisión da documentación e dos expedientes ligados aos asuntos tratados na orde do día.*

5.- Alegación IV: representantes de organismos e entidades locais (artigo 10º).

Introduce unha inaceitábel discriminación na aliña c) ao obrigar os representantes de organismos e entidades locais a demandar por escrito e concretando a información sobre os asuntos tratados nas ordes do día. As actas deben ser pública e a información accesíbel para o conxunto da cidadanía através dun site específico, en cumprimento da transparencia exixíbel ás AA.PP. Así as cousas, propomos unha nova redacción para a aliña c): *Recibir e obter información e toda a documentación dos expedientes ligados aos asuntos tratados na orde do día, así como obter outras informacións sobre expedientes relacionados sempre e cando, este último caso, se solicite por escrito á Secretaría da Comisión.*

6.- Alegación V: Pleno (artigo 12º).

Substituír na aliña 2ª *polo menos, unha vez ao ano por polo menos, semestralmente* de forma que teña certa razón de ser e capacidade de traballo e proposición a comisión que se visa criar.

A aliña 4ª debe ficar do seguinte teor: *Os representantes de organismos e entidades locais poderán asistir ás sesións do Pleno, logo do convite da persoa que desempeñe a Presidencia ou a petición propia, con voz mais sen voto, acompañados, de ser o caso, por outras persoas de recoñecida competencia profesional nos asuntos que vaian tratarse.*

A aliña 5ª propomos que fiquen do seguinte xeito: *As convocatorias do Pleno, tanto ordinarias canto extraordinarias, realizaranse, polo menos, con 15 días de antelación. Á convocatoria achegárase a orde do día dos temas que se van tratar e a documentación necesaria que a acompañe.*

Engadir unha nova aliña 8ª: *As actas do Pleno serán públicas e estarán dispoñíbeis electronicamente para o conxunto da cidadanía, para alén de seren remitidas aos integrantes da Comisión nos 15 días seguintes á data do Pleno.*

7.- Alegación VII: Comisión permanente (artigo 13º).

En 1c) engadir dous vogais que representen, dunha parte, os concellos e organismos recollidos no artigo 5º e, doutra parte, a sociedade civil do territorio.

Fixar o carácter ordinario das sesións trimestralmente (13.2).

No 13.3 propomos que o informe se faga trimestralmente e se remita aos integrantes do Pleno cunha periodicidade mínima dun mes antes do seguinte Pleno ordinario para o seu estudo.

No 13.4 a antelación mínima para convocar a Comisión Permanente debe ser de 5 días hábiles.

A aliña 13.6 debe pasar a 13.7 e engadir unha nova aliña: *As actas da Comisión Permanente remitiranse aos integrantes do Pleno nos quince días seguintes ás reunións desta.*

Rogamos se nos conteste ás alegacións e propostas de mellora formuladas, xa que non se ten feito noutras ocasións.

En Chantada, a 11 de febreiro de 2020.

Comisión política Por Chantada-CUP.